



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Bases do programa educativo “Idiomas do mundo 2022”

BASES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “IDIOMAS DO MUNDO 2022”

OBXECTO

1. O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación Industria e Emprego, convoca o programa educativo “Idiomas do Mundo 2022”, no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 1º de Bacharelato, de realizar unha actividade de inmersión lingüística no verán de 2022, co obxectivo de avanzar no dominio dalgunha das linguas europeas máis faladas no mundo (inglés, francés, portugués, e alemán) e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). O programa, ademais, permitirá ao alumnado a súa participación nunha acción intercultural por medio do achegamento a outra cultura de Europa.

DESCRICIÓN DO PROGRAMA

2. A estadía nos países de destino será de catro semanas dentro das vacacións de verán do 2022, preferentemente no mes de xullo.

3. Os países de destino serán: Irlanda, Francia, Portugal, Alemaña ou Austria.

4. O programa oferta 60 bolsas. Distribúense do seguinte xeito:

- Inglés (Irlanda) 37 prazas
- Francés (Francia) 10 prazas
- Portugués (Portugal) 10 prazas
- Alemán (Alemaña ou Austria) 3 prazas

5. O programa inclúe as seguintes prestacións:

- Cando menos, unha xornada informativa, de preparación específica, para o alumnado participante no programa.
- Manual do estudante.
- Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até o destino asignado a cada alumna/o participante. No seu caso, incluírase no prezo do billete a facturación dunha maleta. Nestas viaxes, o alumnado estará acompañado por monitoras/es.
- Estancia no país de destino durante o período correspondente á estadía, vivindo en familia en réxime de pensión completa. O domicilio da familia non poderá estar a unha distancia (medida en tempo de desprazamento) superior a 50 minutos en transporte público ao respecto do centro de estudos. No caso de que o domicilio estea situado a máis de 2 quilómetros do centro de estudos, facilitarase opción de transporte público entre o domicilio e o centro de estudos, sen custe para a persoa participante.
- Clases intensivas do idioma correspondente no país de destino (acordes ao nivel previo da/o alumna/o); un mínimo de 15 horas semanais entre luns e venres, agás festivos. O profesorado será nativo ou terá acreditado un nivel C2 do MCERL. O máximo de alumnas/os por grupo será de 15.
- Material escolar para as clases.
- Actividades culturais e lúdicas: un mínimo de tres semanais.
- Actividades adicionais de idioma.
- Seguimento e control, por persoal especializado, da vida do alumnado na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.

- Realización de proba oficial e certificado oficial acreditativo do nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

- Seguro de responsabilidade civil para as persoas participantes, cun importe global de 45.000,00 €.

6. O alumnado seleccionado poderá ser beneficiario dunha bolsa total ou parcial en función das circunstancias económicas familiares.

7. O gasto deste programa realizarase con cargo á aplicación 50.236.226.26 dos orzamentos xerais do Concello da Coruña para o ano 2022 por un importe de 133.740,00 €.

8. **Bolsa total.** Serán beneficiarias/os de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9.000,00 € anuais de renda per cápita. O cálculo da renda efectuarase consonte se establece nas presentes bases.

9. **Bolsa parcial.** O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9 000,00 € anuais per cápita. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do custo total da praza e aboará á empresa adxudicataria o importe nos prazos fixados polo SME. As porcentaxes que corresponde aboar ás familias variarán en función da renda per cápita e son as que se indican no seguinte cadro:

Renda per cápita familiar anual	Achega das familias	Importe
9 000,01 € - 10 000,00 €	5 %	111,45 €
10 000,01 € - 11 000,00 €	10 %	222,90 €
11 000,01 € - 12 000,00 €	20 %	445,80 €
12 000,01 € - 13 000,00 €	30 %	668,70 €
13 000,01 € - 14 000,00 €	40 %	891,60 €
14 000,01 € - 15 000,00 €	50 %	1.114,50 €
15 000,01 € - 16 000,00 €	60 %	1.337,40 €
16 000,01 € - 17 000,00 €	70 %	1.560,30 €
17 000,01 € - 18 000,00 €	80 %	1.783,20 €
18 000,01 € - 19 000,00 €	90 %	2.006,10 €
> 19 000,00 €	95 %	2.117,55 €

10. As familias achegarán as cantidades que correspondan á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, de acordo coas contías establecidas na cláusula anterior.

11. O alumnado seleccionado estará obrigado a participar en cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Educación (en diante, SME), así como a facer efectivo, no seu caso, a porcentaxe que lle corresponda do custo da súa participación no programa nos prazos establecidos polo SME, que serán publicados na web municipal (www.coruna.gal/educacion). O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo de resolución motivada do órgano competente.

12. O alumnado afectado por algunha discapacidade poderá participar no programa cando o fogar de acollida sexa axeitado ás súas necesidades específicas.

13. A selección do alumnado participante realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección realízase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

14. O procedemento para a selección do alumnado iníciase de oficio polo órgano competente do Concello publicándose a convocatoria na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion). A través da citada páxina o SME realizará as comunicacións ás persoas participantes, sendo responsabilidade destas a consulta da mesma para obter a información relativa a listados, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

REQUISITOS

15. Estar empadroadado no Concello da Coruña xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal (exclusivamente nos casos en que a representación legal do menor non sexa ostentada polos pais).

16. Estar cursando, no réxime xeral, 1º de Bacharelato no curso 2021/2022, nun centro escolar da cidade da Coruña.

17. Contar no curso 2020-2021 cunha cualificación media de 6,5 puntos en 4ª da ESO e non ter ningunha materia suspensa.

18. Contar no curso 2020-21 cunha cualificación mínima de 7 puntos en 4º da ESO nas linguas estranxeiras para as que se solicite o programa(inglés, francés, portugués ou alemán). No caso de estar a cursar algún destes idiomas na

Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela. Para o caso de portugués, de non se estar a cursar esta materia, a cualificación a valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura do curso 2020-21,

19. Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) e o pasaporte. A data de caducidade dos documentos debe ser posterior á data de regreso da viaxe.

20. As persoas que precisen visado para realizar estadias no país para o que solicitan destino deberán dispor do mesmo cando menos 15 días antes do inicio da viaxe. A tramitación e obtención do visado é responsabilidade da persoa solicitante.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES

21. Cualificación media obtida no curso 2020/21 en 4º da ESO, até un máximo de 5 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito: Cualificación media obtida no curso 2020/21 (4º da ESO), até un máximo de 5 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

NOTA MEDIA	PUNTUACIÓN
10	5,00
De 9,50 a 9,99	4,50
De 9,00 a 9,49	4,00
De 8,50 a 8,99	3,00
De 8,00 a 8,49	2,00
De 7,50 a 7,99	1,00
De 7,00 a 7,49	0,50

22. **Cualificación final da materia de lingua estranxeira** (inglés/francés/portugués ou galego/alemán) no curso 2020/21 en 4º da ESO até un máximo de 5 puntos. No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela.

NOTA	PUNTUACIÓN
10	5,00
9	4,00
8	2,00

23. Ingresos económicos familiares até un máximo de 10 puntos. A puntuación correspondente asignarase do seguinte xeito:

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR ANUAL	PUNTUACIÓN	RENDA PER CÁPITA FAMILIAR ANUAL	PUNTUACIÓN
< 2 000,00 €	10,00	5 500,01 € - 6 000,00 €	6,00
2 000,01 € - 2 500,00 €	9,50	6 000,01 € - 6 500,00 €	5,50
2 500,01 € - 3 000,00 €	9,00	6 500,01 € - 7 000,00 €	5,00
3 000,01 € - 3 500,00 €	8,50	7 000,01 € - 8 000,00 €	4,00
3 500,01 € - 4 000,00 €	8,00	8 000,01 € - 9 000,00 €	3,00
4 000,01 € - 4 500,00 €	7,50	9 000,01 € - 11 000,00 €	2,00
4 500,01 € - 5 000,00 €	7,00	11 000,01 € - 15 000,00 €	1,00
5 000,01 € - 5 500,00 €	6,50	>15 000,00 €	0,00

Modo de calcular a renda.

a) A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a Renda das Persoas FÍSICAS (IRPF). Computarase o exercicio 2019.

b) Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

Sumarase a base imponible xeral (casilla 435 da declaración da Renda do ano 2019) coa base imponible do aforro (casilla 460 da declaración da Renda do ano 2019) e restarase a cota resultante da auto liquidación (casilla 595 da declaración da Renda do ano 2019).

No suposto en que existan membros da unidade de convivencia que non fixeron a declaración da renda, por non estar obrigados, teranse en conta os datos económicos que figuren na Axencia Tributaria para sumalos á renda familiar.

c) No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos e/ou fillas integrantes da unidade de convivencia, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2019 incluírase no cómputo da renda familiar.

d) A renda familiar determinarase segundo os números anteriores e dividirase entre o número de integrantes da unidade de convivencia.

Para o cálculo da renda son membros computables: a persoa solicitante da bolsa, o pai, nai ou representante legal e os irmáns solteiros menores de 25 anos, ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co solicitante da bolsa.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante da bolsa e os seus fillos comúns.

No caso de que exista discrepancia entre a documentación da que se dispoña para a determinación do número de integrantes da unidade de convivencia o SME poderá solicitar, se o considera oportuno, as aclaracións ou documentación adicional a efectos de determinar o número de membros que corresponda asignar.

e) A falta ou defecto de acreditación das circunstancias económicas familiares non implicará a exclusión do proceso, pero se asignarán 0 puntos neste apartado.

f) Con carácter excepcional, poderán tomarse en consideración circunstancias sobrevidas (posteriores ao 2019) que teñan unha incidencia significativa na situación económica familiar e queden acreditadas mediante certificado emitido pola AEAT en relación coa situación da renda do ano 2019.

24. Discapacidade do participante igual ou superior ao 33%:

Discapacidade	Puntuación
Participante	2,00

25. **Violencia no ámbito familiar.** Nos casos en que se acredite a existencia de situación de violencia de xénero na unidade de convivencia non se terán en conta os ingresos da persoa agresora á hora de determinar a renda per cápita da unidade de convivencia.

26. Serán seleccionadas as persoas solicitantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos distintos apartados do baremo.

27. Unicamente se valorarán por parte da comisión documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen e, no seu caso, as declaracións responsábeis que se soliciten. Poderase requirir ás persoas participantes para que acheguen documentación adicional co obxecto de acreditar os méritos ou o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases.

INSCRIPCIÓN

28. O prazo de presentación da documentación será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

29. Soamente se poderán solicitar dous países de destino por participante debendo establecer a prioridade entre eles.

30. O alumnado que queira participar no programa deberá inscribirse en liña na web municipal www.coruna.gal/educación a través da ficha específica: Idiomas do mundo 2022. Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante de confirmación que se debe de imprimir. Este xustificante ten un número de asignación que será o de referencia de cada expediente no proceso.

A documentación do expediente e a ficha de solicitude, asinada polo/a participante e a persoa ou persoas que teñen a patria potestade ou tutela sobre o/a participante, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.

DOCUMENTACIÓN

31. A documentación que se relaciona a continuación ten que presentarse por rexistro, dentro do prazo sinalado no punto anterior, acompañada dunha instancia na que se solicite a participación no programa municipal.

a) Fotocopia do DNI (carné de identidade, pasaporte...) do solicitante e dos pais ou representantes legais.

b) Copia do resgardo da ficha de solicitude que se cubriu en liña (PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición). Importante: deberá estar asinada pola persoa solicitante e no caso de menores pola persoa que teña a patria potestade ou tutela.

c) Certificado de empadramento do solicitante no que figure co pai/nai ou representante legal. Non será necesario a presentación do documento cando se autorice ó Concello para a consulta dos datos no padrón municipal.

d) Certificado das cualificacións correspondentes a 4ª da ESO do curso académico 2020-21. No caso de estar a cursar algún idioma na Escola Oficial de Idiomas, deberá achegarse certificado de nota ou titulación.

e) Certificado emitido polo centro educativo de estar a cursar 1ª de Bacharelato no que figure o nome da persoa solicitante, datos do centro e curso.

f) Se for o caso, certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo competente na materia acreditativo do grao de minusvalía do alumno/a

g) Se for o caso, documentación acreditativa da existencia de casos de violencia de xénero na unidade de convivencia, de conformidade co artigo 5 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

h) No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2019, emitidas e datadas no mes de xullo ou posterior de 2021.

i) No suposto de familias monoparentais, achegarase acreditación documental das circunstancias familiares, tales como: título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia do/da menor, certificado de defunción (no caso de viuvez) e libro de familia ou documento análogo que acredite o estado civil dos membros da unidade de convivencia.

Aos efectos das presentes bases, enténdese por familia monoparental ao núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

j) Cando se teña acordada pensión de alimentos, ou exista dereito a ela, deberá achegarse a resolución xudicial máis recente que a estableza.

No caso de que exista incumprimento total ou parcial do abono da pensión deberá xuntarse copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia presentada.

Nos casos en que, existindo dereito a solicitar pensión de alimentos, non se acredite a súa solicitude ou a contía da mesma, non se obterán puntos no apartado de ingresos económicos familiares.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada. A falta de acreditamento das circunstancias que permitan determinar a renda per cápita que corresponda motivará a non asignación de puntuación no apartado de ingresos económicos.

SELECCIÓN DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

32. Para os efectos de baremar as solicitudes e elaborar as listaxes que correspondan, constitúese unha comisión de valoración que estará integrada pola Xefatura de departamento de Educación, a Xefatura de sección e unha técnica de Educación, que exercerá como secretaria.

33. As listaxes e comunicacións relativas a este programa realizaranse a través da páxina www.coruna.gal/educacion

34. Unha vez revisada a documentación presentada publicarase unha listaxe provisional de **persoas admitidas e non admitidas** (indicándose a causa que motiva esta circunstancia). Fronte a esta listaxe abrirase un prazo de 10 días para que, no caso que corresponda, se poida emenda a documentación presentada.

35. A comisión de valoración examinará a documentación presentada no período de emenda e publicará as seguintes listaxes:

- Alumnado admitido coa proposta de baremación provisional realizada de conformidade co baremo que figura nas bases para cada un dos idiomas que se soliciten.
- Alumnado excluído do programa, indicando a causa da exclusión.

36. Fronte a estas listaxes provisionais abrírase un prazo de **10 días**, para que, no caso de corresponder, se poidan realizar **alegacións** ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente.

37. A comisión de valoración examinará as alegacións presentadas e emitirá informe motivado coas puntuacións definitivas de cada persoa solicitante. Tendo en conta estas, realizará unha primeira adxudicación de prazas considerando unicamente o idioma seleccionado como primeiro na orde de preferencia da solicitude.

No caso de **empate**, adxudicaránse as prazas atendendo os seguintes criterios pola orde establecida a continuación:

1. Cualificación final no idioma estranxeiro solicitado durante o curso anterior.
2. Cualificación media do curso anterior
3. Situación de discapacidade da alumna
4. Menor renda per cápita familiar
5. Sorteo público

No caso de quedar prazas vacantes tras a primeira adxudicación, realizaránse sucesivas adxudicacións para as prazas sen cubrir tomando en consideración o seguinte idioma solicitado.

38. A proposta de resolución definitiva recollerá, se procede, as alegacións presentadas. Non se realizarán comunicación individuais fronte ás mesmas. A proposta emitirase pola Xefatura de Servizo de Educación e incluírá as seguintes relacións definitivas:

a. Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando aos/ás que se lles concedese unha bolsa total e a porcentaxe do custe da praza que lles corresponda aboar ás/aos restantes seleccionadas/os.

b. Alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda. As persoas seleccionadas nalgunha das listas, se é o caso, non figurarán na listaxe de agarda do outro idioma. As persoas non seleccionadas poderán figurar en máis dunha listaxe.

c. Alumnado que non cumpre os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

39. A proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá de forma motivada.

40. Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 5 días naturais para a súa aceptación, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido dito prazo sen que se produza tal comunicación entenderase que desiste da súa participación no programa. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escanada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.es) dentro do prazo de aceptación. Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando aos/ás que se lles concedese unha bolsa total e a porcentaxe do custe da praza que lles corresponda aboar ás/aos restantes seleccionadas/os.

41. As persoas participantes incluídas na listaxe de agarda substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas.

42. A resolución definitiva esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición diante do órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 39/2015, do 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnada directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

43. No caso existir vacantes finalizado o prazo de adxudicación das prazas do programa, o Servizo Municipal de Educación poderá realizar unha segunda convocatoria que se rexerá polos mesmos requisitos e procedemento previstos anteriormente.

PROTECCIÓN DE DATOS

44. Os datos rexistrados polas persoas participantes no programa educativo, serán recollidos e tratados conforme á normativa en vigor e empregaranse exclusivamente para o programa.

45. Consonte coa mencionada norma, as persoas participantes poderán exercer o seu dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na lei. Os datos serán custodiados polo Concello con acceso por parte da empresa xestora do contrato.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

46. A concesión destas bolsas quedará condicionada por:

a) Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.

b) A posibilidade de cambio dos países de destino en función dos requisitos exixidos por eles no momento dos visados buscando alternativas noutros países. Neste caso buscarase respectar a condición do idioma na medida do posible.

47. O concello resérvase o dereito a revogar ou deixar sen efecto a resolución da convocatoria se se da algunha das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

48. A adquisición de dereitos polo beneficiario da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que de lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.

49. A presentación da solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria e das condicións establecidas polo concello e polos países de destino.

A Coruña, 4 de febreiro do 2022

O concelleiro responsable da Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego

Jesús Javier Celemín Santos

2022/593